

# Dous investigadores do CITIC, colaboradores da Axencia Estatal de Investigación

xoves, 9 de marzo do 2017 / Redacción

Dous investigadores do Centro de Investigación TIC (CITIC) veñen de ser nomeados colaboradores da Axencia Estatal de Investigación. Trátase de Ramón Doallo e Luis Castedo. O nomeamento, en palabras do CITIC, "amais de dar prestixio ao centro, pon de manifesto que no seu seo cóntase con investigadores de gran relevancia". Doallo, que é tamén membro da Real Academia Galega de Ciencias (RAGC), encárgase na Axencia Estatal de Investigación da área científica de Tecnoloxías



Informáticas, mentres que Castedo fai o propio coa área científica de Tecnoloxías Electrónicas e de Comunicacións (TEC). Entre as súas funcións, salienta a de asistir na xestión dos procesos de avaliación das convocatorias que xorden, desenvolvendo os labores oportunos de exame e seguimento das actuacións financiadas para mellorar a medición dos resultados e o seu impacto.

Doallo e Castedo encárganse tamén de nomear aos expertos que conforman a comisión de avaliación de cada proxecto, revisando as súas evaluacións e elaborando os informes finais que deciden cales acceden ou non ao financiamento. Entre as convocatorias que xestionan atópanse as de Excelencia, Retos Investigación, Redes de Excelencia e Mozos Investigadores, entre outras. Tamén se ocupan das convocatorias Explora Ciencia e Explora Tecnoloxía, e da solicitude de axudas para a organización de congresos internacionais.

Ambos coinciden en que é unha honra ter sido seleccionados polo devandito organismo, que recoñece que a súa traxectoria é merecedora de tal distinción e outógalles o privilexio de poder coñecer de primeira man todo o que se está facendo no mundo da investigación no ámbito estatal.

## A Axencia

A finais do ano 2015 aprobábase o Real Decreto 1067/2015 que establecía a creación e estatutos da Axencia Estatal de Investigación (AEI), un novo organismo que ten como principal obxectivo dotar ao sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación dunha xestión máis flexíbel, áxil e autónoma. Ademais, esta entidade traballa para incorporar mellores prácticas internacionais de avaliación e render contas das axudas outorgadas, simplificando de maneira transversal os procedementos administrativos.

A creación da Axencia Estatal de Investigación nace da recomendación da Unión Europea a todos os países membro de contar cun organismo independente que xestione os instrumentos de financiamento dos que se dispón neste eido. En liña con esa autonomía e axilidade con que se quere dotar á axencia, atópase unha ampla listaxe de colaboradores formado por investigadores, expertos en desenvolvemento tecnolóxico e especialistas relacionados co ámbito da investigación. Na devandita



- O CDTIC virtual da disposición das empresas de Alfresco para a xestión documental
- A nova web da Amts ofrece acceso de cidadáns e servizos dixitais
- O CDTIC da Amtega presenta demostrador de modernización de empresas de automoción

